

Dossier actividades incluídas na programación

Exposicións

- **Escenarios da Prehistoria para visitar.** A preocupación de Castelao polo noso patrimonio arqueolóxico e artístico tivo o seu reflexo directo no seu álbum 'As cruces de pedra na Galiza', ou nos seus estudos sobre escudos. Na década de 1920 fixo parte da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que nacera o século anterior co obxectivo de estudar e conservar elementos do noso patrimonio, así como a música e a poesía popular. Ó redor desta idea preséntase a exposición 'Escenarios da Prehistoria para visitar' coa que percorrерemos, entre outros, as mámoas, castros e petróglifos máis senlleiros da provincia a través de fotografías de Federico de la Peña.
- **Luis Davila. A retranca dun país.** Nos anos 20 e 30 do século XX, Castelao colaborou nos diarios vigueses Galicia e Faro de Vigo coa publicación dunha serie de viñetas tituladas de maneira xenérica 'Cousas da vida'. Viñetas gráficas nas que, principalmente por medio de personaxes do mundo agrario e mariñeiro, reflexionaba con humor sobre a vida, a política ou as inxustizas sociais. Hoxe en día, un debuxante ocupa cos seus personaxes ese lugar, Luis Davila, que dende o Faro de Vigo diariamente nos fai sorrir tratando as realidades galegas do día a día. 'Luis Davila. A retranca dun país' é o título da exposición itinerante organizada sobre a obra deste autor. Esta mostra permitiranos ademais facer unha reflexión sobre o mundo do mar, o agro e a muller galega, pois a protagonista indiscutible no mundo de Davila é unha muller: Dora. Cabe subliñar que Davila é o único autor de humor gráfico que na actualidade, non só en Galicia senón en España, ten como protagonista na súa obra a unha muller.
- **De Castelao ao mañá: Unha ollada ao cómic galego,** este é o título da exposición que presenta unha das facetas máis descoñecidas do autor, quen nos primeiros anos da súa produción fixo a súa achega nun campo que, hoxe máis que nunca, recibe a mirada do mundo da arte como unha forma máis de expresión. A exposición fará un percorrido polo mundo do cómic galego dende a obra e a época do autor ata os autores máis actuais.
- **Bandas de Pontevedra. Homenaxe ás bandas da provincia.** Unha exposición que xa percorreu algúns concellos da provincia o pasado 2015 pero que pola súa demanda seguiremos rulando no presente ano, tendo en conta ademais, que o mundo da música e dos músicos foi tema de interese de Castelao ó longo da súa traxectoria.

Contacontos

Co ciclo 'Contando cousas e cousiñas' contaremos historias, algunhas escritas por Castelao, outras tradicionais e outras da colleita propia dos diferentes contadores galegos que participarán achegando o seu saber ós distintos concellos. Neste ciclo participan Bea Campos, Cándido Pazó, Celso Fernández Sanmartín e Raquel Queizás.

Música

- **Cantos de preto e lonxe.** Ciclo de música que permitirá que distintos cantautores galegos percorran a provincia con músicas da terra e outras traídas de fóra, ritmos tradicionais mesturados con pop, habaneras, tangos ... un intercambio cultural relacionado co tema da emigración e polo tanto, co propio Castelao. Participan neste ciclo Alba María, Emilio Rúa, Tino Baz e Manoele de Felisa.
- Fóra do ciclo, a banda **Migallas** cantaranos a prol da lingua galega e presentaranos unha visión crítica das políticas culturais levadas a termo no noso país.
- **Catares de Cegos.** Se falamos de música, non podemos esquecer aos grandes protagonistas recorrentes na obra de Castelao, os cegos. Eses homes e mulleres que, impedidos para outros traballos, percorrían feiras e mercados tocando, cantando e contando historias acontecidas ao longo e ancho da nosa terra. Os seus cantares de cegos fixeron deles verdadeiros xograres modernos. Participan Luis 'O Caruncho' e Luis do Viso.

Obradoiros infantís

O mundo do teatro que abordou Castelao coa súa obra 'Os vellos non deben de namorarse' será tema a tratar nalgúns dos obradoiros que achegaremos aos nenos e nenas da provincia. A súa creatividade levaraos a executar luvas e máscaras coas que logo poderán crear o seu propio imaxinario teatral. Este obradoiro correrá a cargo de Viravolta Títeres.

Doutra banda, aproximaremos á obra de Castelao cun obradoiro creativo de pintado de camisetas no que, partindo de orixinais de Castelao, eles creen os seus propios debuxos historiados. Este obradoiro correrá a cargo de ReiZentolo.

App educativa

Para afondar na vida do autor de Rianxo e facer este contido accesible e entretido para as nenas e nenos pontevedreses, optamos por incluír as novas tecnoloxías cun formato que para eles resulta moi atractivo. Así, a través dunha aplicación para tabletas que estará dispoñible en IOS (APPLE) a nivel global ou en un ipad, os usuarios e usuarias poderán crear escenas, construír e aprender xogando.